

1. DEREITOS ESPECÍFICOS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	2
1.1. QUEN É VÍTIMA DE VIOLENCIA DE XÉNERO?	2
1.2. COMO SE ACREDITA A SITUACIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO?	2
1.3. DEREITO Á INFORMACIÓN.....	3
<i>O dereito a recibir información está garantido a través dos seguintes medios:</i>	3
1.3.1. <i>Servizo 016 de información e de asesoramento xurídico</i>	3
1.3.2. <i>Web de recursos de apoio e prevención ante casos de violencia de xénero.....</i>	4
1.4. DEREITO Á ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL.....	4
1.5. DEREITO Á ASISTENCIA XURÍDICA GRATUÍTA, INMEDIATA E ESPECIALIZADA	5
1.5.1. <i>Dereito á asistencia xurídica gratuíta.....</i>	6
1.6. DEREITOS LABORAIS	7
1.6.1. <i>Dereitos das traballadoras por conta allea.....</i>	7
1.7. DEREITOS EN MATERIA DE SEGURIDADE SOCIAL.....	9
1.7.1. <i>Dereitos en materia de cotización á Seguridade Social</i>	9
1.7.2. <i>Dereitos en materia de prestacións da Seguridade Social.....</i>	10
1.8. DEREITOS EN MATERIA DE EMPREGO E PARA A INSERCIÓN LABORAL	11
1.8.1. <i>Programa específico de emprego.....</i>	11
1.8.2. <i>Contrato de interinidade para a substitución de traballadoras vítimas de violencia de xénero.....</i>	12
1.8.3. <i>Incentivos para favorecer o inicio dunha actividade por conta propia</i>	12
1.8.4. <i>Incentivos para as empresas que contraten vítimas de violencia de xénero</i>	13
1.9. DEREITOS DAS FUNCIONARIAS PÚBLICAS.....	13
1.10. DEREITOS ECONÓMICOS	14
1.10.1. <i>Axuda económica específica para mulleres vítimas de violencia de xénero con especiais dificultades para obter un emprego.....</i>	14
1.10.2. <i>Renda activa de inserción.....</i>	15
1.10.3. <i>Anticipos por non pagamento de pensións alimenticias.....</i>	16
1.10.4. <i>Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores</i>	17
1.11. DEREITO Á ESCOLARIZACIÓN INMEDIATA	17
2. DEREITOS DAS MULLERES ESTRANXEIRAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO..	18
2.1. SITUACIÓN DE RESIDENCIA EN ESPAÑA DAS MULLERES ESTRANXEIRAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	18
2.2. PROTECCIÓN DAS MULLERES ESTRANXEIRAS EN SITUACIÓN IRREGULAR VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	21
2.3. DEREITO DE ASILO	22
2.4. PROGRAMAS DE RETORNO VOLUNTARIO DE INMIGRANTES	23
3. DEREITOS DAS VÍTIMAS DO DELITO DOS QUE TAMÉN SON TITULARES AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO	24
3.1. DEREITO A FORMULAR DENUNCIA	24
3.2. DEREITO A SOLICITAR UNHA ORDE DE PROTECCIÓN.....	25
3.3. DEREITO A SER PARTE NO PROCEDIMENTO PENAL: O OFRECEMENTO DE ACCIÓNS	27
3.4. DEREITO Á RESTITUCIÓN DA COUSA, REPARACIÓN DO DANO E INDEMNIZACIÓN DO PREXUÍZO CAUSADO	28
3.5. DEREITO A RECIBIR INFORMACIÓN SOBRE AS ACTUACIÓNS XUDICIAIS.....	29
3.6. DEREITO Á PROTECCIÓN DA DIGNIDADE E INTIMIDADE DA VÍTIMA NO MARCO DOS PROCESOS RELACIONADOS COA VIOLENCIA DE XÉNERO	30
3.7. AXUDAS ÁS VÍTIMAS DE DELITOS	30

1. DEREITOS ESPECÍFICOS DAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (B.O.E. núm. 313, de 29 de decembro de 2004) consagra e garante ás mulleres que son ou que foron vítimas de violencia de xénero, unha serie de dereitos coa finalidade de que estas poidan poñer fin á relación violenta e recuperar o seu proxecto de vida.

Estes dereitos son universais, no sentido de que todas as mulleres que sufrisen algún acto de violencia de xénero os teñen garantidos, con independencia da súa orixe, relixión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

1.1. Quen é vítima de violencia de xénero?

(Art. 1 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección integral contra a Violencia de Xénero)

Para os efectos da Lei orgánica 1/2004, é vítima de violencia de xénero a muller que é obxecto de calquera acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade, exercido sobre ela por parte de quen sexa ou teña sido o seu cónxuxe ou de quen estea ou estivese ligado a ela por relación semellante de afectividade, aínda sen convivencia.

Este tipo de violencia é a expresión máis grave da discriminación, a situación de desigualdade, e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

Ademais, a Lei orgánica 1/2004 incorpora os fillos e as fillas das mulleres ao concepto de vítima dende a súa Exposición de Motivos e recoñécelles toda unha serie de dereitos considerados nos artigos 5, 7, 14, 19.5, 61.2, 63, 65, 66 e na Disposición Adicional 17^a.

1.2. Como se acredita a situación de violencia de xénero?

(Arts. 23, 26 e 27.3 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero)

Con carácter xeral, a situación de violencia de xénero que dá lugar ao recoñecemento dos dereitos correspondentes acredítase coa sentenza condenatoria, a orde de protección a favor da vítima e, excepcionalmente, o informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a demandante é vítima de violencia de xénero ata que se dite a orde de protección.

Non obstante, para o recoñecemento dalgúns dereitos, a súa normativa reguladora especifica cales son os medios para acreditar a situación de violencia de xénero.

1.3. Dereito á información

(Art. 18 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero)

O dereito a recibir información está garantido a través dos seguintes medios:

1.3.1. Servizo 016 de información e de asesoramento xurídico

- Servizo telefónico gratuito a través dun número curto de tres díxitos: 016.
- Accesible ás persoas con discapacidade auditiva e/ou da fala: a través do número 900 116 016, por medio dun teléfono móbil, unha PDA, ou un teléfono de texto (DTS).
- Dispoñible as 24 horas do día, os 365 días do ano.
- Universalidade: atende en castelán, catalán, galego e éuscaro. Ademais, tamén atende en inglés, alemán, árabe, búlgaro, chinés, portugués, romanés, ruso e, de luns a venres, de 8:00 a 18:00 h, noutros 42 idiomas. Deste xeito, con diferente grao de cobertura, aténdese en total en 53 idiomas.
- Confidencialidade dos datos das persoas usuarias.
- Derivación das chamadas nos seguintes supostos:

- Cando se trate de chamadas referidas a situacións de emerxencia, derivarase ao teléfono 112.
- Cando se trate de chamadas de información xeral sobre muller, derivarase ao Instituto da Muller.
- Cando se trate de chamadas que requiran de información específica relacionada cunha Comunidade Autónoma.
- As chamadas realizadas por persoas menores de idade serán derivadas ao teléfono ANAR de Axuda a Nenos e Adolescentes.

Ademais poden formularse as consultas a través da páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

1.3.2. Web de recursos de apoio e prevención ante casos de violencia de xénero

Está dispoñible na páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, na Área de Igualdade:

<http://wrap.seigualdad.gob.es/recursos/search/SearchForm.action>

Permite a localización sobre mapas activos dos distintos recursos (policiais, xudiciais, información, atención e asesoramento) que as administracións públicas e as entidades sociais puxeron a disposición da cidadanía e das vítimas de violencia de xénero.

1.4. Dereito á asistencia social integral

(Art. 19 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero)

Para facer real o seu dereito á integridade física e moral, as mulleres vítimas de violencia de xénero, e os seus fillos e fillas menores, teñen dereito a servizos sociais de:

- Atención
- Emerxencia

- Apoio e acollida
- Recuperación integral

A finalidade destes servizos é dar cobertura ás necesidades derivadas da situación de violencia, restaurar a situación na que se atopaba a vítima antes de padecela ou, polo menos, paliar os seus efectos.

A través dos mesmos faise posible que as mulleres:

- Reciban asesoramento sobre as actuacións que poden emprender e os seus dereitos.
- Coñezan os servizos aos que poden dirixirse para solicitar asistencia material, médica, psicolóxica e social.
- Accedan aos diferentes recursos de aloxamento (emergencia, acollida temporal, centros tutelados, etc.) nos que está garantida a súa seguridade e cubertas as súas necesidades básicas.
- Recuperen a súa saúde física e/ou psicolóxica.
- Acaden a súa formación, inserción ou reinserción laboral, e reciban apoio psicosocial ao longo de todo o itinerario de recuperación integral coa finalidade de evitar a dobre vitimización.

O dereito á asistencia social integral recoñécese tamén aos menores que viven en ámbitos familiares onde existe violencia de xénero. Os servizos sociais deben contar cun número suficiente de prazas previstas para os menores, así como estar dotados de persoal con formación específica na súa atención co fin de previr e evitar eficazmente as situacións que poidan comportar danos psíquicos e físicos a estes.

1.5. Dereito á asistencia xurídica gratuíta, inmediata e especializada

(Art. 20 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de Asistencia Xurídica Gratuíta; Real Decreto 996/2003, do 25 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Asistencia Xurídica Gratuíta)

As mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito á asistencia xurídica gratuíta, con independencia da existencia de recursos para litigar. Esta asistencia prestaráselles de inmediato, naqueles procesos e procedementos administrativos que teñan vinculación, deriven ou sexan consecuencia da súa condición de vítimas.

Para os efectos da concesión do beneficio de xustiza gratuíta, a condición de vítima adquirírase cando se formule denuncia ou querela, ou se inicie o procedemento penal, e manterase mentres permaneza en vigor o procedemento penal, ou cando, tras a súa finalización, se tiver ditado sentenza condenatoria. O beneficio de xustiza gratuíta perderase en caso de sentenza absolutoria firme do procedemento penal, sen a obriga de aboar o custo das prestacións gozadas gratuitamente ata ese momento.

1.5.1. Dereito á asistencia xurídica gratuíta

O dereito á asistencia xurídica gratuíta comprende as seguintes prestacións:

- Asesoramento e orientación gratuítos previos ao proceso.
- Defensa e representación gratuítas por avogado e procurador nos procesos xudiciais e procedementos administrativos.
- Inserción gratuíta de anuncios ou edictos en ~~boletíns xerais~~ boletíns oficiais.
- Exención do pagamento ~~de~~ das taxas xudiciais, así como do pagamento ~~de~~ dos depósitos necesarios para a interposición de recursos.
- Asistencia pericial gratuíta.
- Obtención gratuíta ou redución do 80% dos dereitos arancelarios dos documentos notariais.

A solicitante do dereito á asistencia xurídica gratuíta deberá indicar cales destas prestacións pide que se lle recoñezan. O recoñecemento do dereito á

asistencia xurídica gratuíta levará consigo en todo caso a exención do pagamento das taxas e depósitos mencionados.

Recoñecido o dereito á asistencia xurídica gratuíta, a defensa dos intereses da vítima, en todos os procesos que sexa necesario tramitar, realízase polo mesmo avogado pertencente á Quenda de Oficio Especial de Violencia de Xénero establecida ~~(e)~~ polos Colexios de Avogados nos seus respectivos ámbitos.

1.6. Dereitos laborais

(Art. 21 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero)

O recoñecemento de dereitos laborais ás mulleres vítimas de violencia de xénero ten como finalidade evitar que, a causa da violencia que sofren, abandonen o mercado laboral. Para iso, recoñécenselles dereitos tendentes a procurar a conciliación do traballo coa situación de violencia de xénero, garántese a súa protección se se ven obrigadas a abandonar o seu posto de traballo, ben con carácter temporal, ben con carácter definitivo, e procúrase a súa inserción laboral no caso de que non estivesen empregadas.

Para exercer estes dereitos, as traballadoras deben acreditar a situación de violencia de xénero, ben mediante a sentenza pola que se condene ~~e~~ ó agresor, a orde de protección ou, excepcionalmente e ata que se dite a orde de protección, mediante **un** informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de que a muller é vítima de violencia de xénero.

1.6.1. Dereitos das traballadoras por conta allea¹

(Arts. 37.7, 40.3.bis, 45.1.n, 48.6, 49.1, 52.d, 55.5.b do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo)

¹ Os convenios colectivos e acordos de empresa poden contemplar melloras destes dereitos.

- Dereito á redución da xornada laboral ~~coa~~ **coa** diminución proporcional do salario, cuxa finalidade é que a muller vítima de violencia de xénero faga efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.
- Dereito á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que se utilicen na empresa.
- Dereito á mobilidade xeográfica, con reserva do posto de traballo durante os primeiros 6 meses.
- Dereito á suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo, e cunha duración inicial que non poderá exceder de seis meses.
- Dereito á extinción do contrato de traballo por decisión da traballadora, en cuxo caso esta se considerará en situación legal de desemprego polo que, ~~en~~ **no** caso de reunir os demais requisitos esixidos, terá dereito a percibir a prestación por desemprego ou o subsidio por desemprego.
- As ausencias ou faltas de puntualidade ao traballo motivadas pola violencia de xénero consideraranse xustificadas, cando así o determinen os servizos sociais de atención ou servizos de saúde.
- Nulidade do despedimento da traballadora vítima de violencia de xénero polo exercicio dos seus dereitos laborais.

1.6.2. Dereitos das traballadoras por conta propia

(Art. 21.5 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Lei 20/2007, do 20 de xullo, reguladora do Estatuto do Traballo Autónomo; Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos; Real Decreto 1541/2011, do 31 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 32/2010, do 5 de agosto)

- Dereitos da traballadora autónoma economicamente dependente:
 - Dereito á adaptación do horario da actividade.
 - Dereito á extinción da súa relación contractual.
 - Considerarase causa xustificada de interrupción da actividade por parte da traballadora a situación de violencia de xénero.
- Atoparanse en situación legal de cese de actividade, para os efectos da protección por cese de actividade, as traballadoras autónomas que cesen no exercicio da súa actividade, de maneira temporal ou definitiva, por causa da violencia de xénero.

1.7. Dereitos en materia de Seguridade Social

(Art. 21 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero)

1.7.1. Dereitos en materia de cotización á Seguridade Social

- Subscrición ~~de~~ dun convenio especial coa Seguridade Social por parte das traballadoras vítimas de violencia de xénero que reducen a súa xornada laboral con diminución proporcional do salario.

(Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social)

- Suspensión da obriga de cotizar durante un período de seis meses para as traballadoras autónomas que cesen na súa actividade para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia social integral.
- Consideración como períodos de cotización efectiva do tempo de suspensión da relación laboral polas traballadoras por conta allea, e do tempo de suspensión da obriga de cotizar polas traballadoras por conta propia que cesen na súa actividade.

(Disposición adicional única do Real Decreto 1335/2005, do 11 de novembro, polo que se regulan as prestacións familiares da Seguridade Social)

1.7.2. Dereitos en materia de prestacións da Seguridade Social

- Para os efectos das prestacións por maternidade e por paternidade, consideraranse situacións asimiladas á de alta os períodos considerados como de cotización efectiva respecto das traballadoras por conta allea e por conta propia que sexan vítimas de violencia de xénero.

(Real Decreto 295/2009, do 6 de marzo, polo que se regulan as prestacións económicas do sistema da Seguridade Social por maternidade, paternidade, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural)

- Dereito á pensión de xubilación anticipada das mulleres que extingan o seu contrato de traballo como consecuencia de ser vítimas de violencia de xénero e reúnan os requisitos esixidos.

(Artigo 161 bis.2 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño)

- Dereito á pensión de viuvez nos supostos de separación e divorcio das mulleres vítimas de violencia de xénero que acrediten os requisitos esixidos e aínda que non sexan acreedoras da correspondente pensión compensatoria.

(Artigo 174.2 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño)

- Perda da pensión de viuvez por quen fose condenado por sentenza firme pola comisión dun delito doloso de homicidio, en calquera das súas formas, ou de lesións cando a ofendida polo delito fose a súa

cónxuxe ou ex-cónxuxe, ou parella ou ex-parella de feito; e incremento, no seu caso, da pensión de orfandade dos orfos.

(Disposición adicional primeira da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; artigo 38 do Decreto 3158/1966, do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral que determina a contía das prestacións económicas do Réxime Xeral da Seguridade Social e condicións para o dereito a estas)

- A efectos de ter dereito á prestación por desemprego e ao subsidio por desemprego, ademais de reunir os requisitos esixidos, considérase que a traballadora se atopa en situación legal de desemprego cando extinga ou suspenda o seu contrato de traballo de xeito voluntario como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

(Artigo 21.2 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; artigos 208.1.1.e) e 208.1.2) e disposición adicional cuadraxésima segunda do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado por Real Decreto Legislativo 1/1994, do 20 de xuño)

1.8. Dereitos en materia de emprego e para a inserción laboral

1.8.1. Programa específico de emprego

(Artigo 22 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero)

O programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, inscritas como demandantes de emprego nos Servizos Públicos de Emprego, inclúe as seguintes medidas:

- Itinerario de inserción sociolaboral, individualizado e realizado por persoal especializado.

- Programa formativo específico para favorecer a inserción sociolaboral por conta allea.
- Incentivos para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.
- Incentivos para as empresas que contraten vítimas de violencia de xénero.
- Incentivos para facilitar a mobilidade xeográfica.
- Incentivos para compensar diferenzas salariais.
- Convenios con empresas para facilitar a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e a súa mobilidade xeográfica.

1.8.2. Contrato de interinidade para a substitución de traballadoras vítimas de violencia de xénero

(Artigo 21.3 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero)

As empresas que formalicen contratos de interinidade para substituír as traballadoras vítimas de violencia de xénero que suspendesen o seu contrato de traballo ou que exercitasen o seu dereito á mobilidade xeográfica ou ao cambio de centro de traballo, teñen dereito a unha bonificación da cota empresarial á Seguridade Social.

1.8.3. Incentivos para favorecer o inicio dunha actividade por conta propia

(Orde TAS/1622/2007, do 5 de xuño, pola que se regula a concesión de subvencións ao programa de promoción do emprego autónomo)

As mulleres vítimas de violencia de xénero desempregadas e inscritas como demandantes de emprego nos Servizos Públicos de Emprego que se establezan como traballadoras autónomas poden ser beneficiarias dunha subvención polo establecemento como traballadora autónoma e dunha subvención financeira, cuxo obxecto é reducir os intereses dos préstamos

destinados a financiar os investimentos para a creación e posta en marcha da empresa.

1.8.4. Incentivos para as empresas que contraten vítimas de violencia de xénero

(Lei 43/2006, de 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego)

As empresas que contraten mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social, diferentes en función do carácter indefinido ou temporal do contrato asinado.

1.9. Dereitos das funcionarias públicas

(Artigos 24 a 26 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Art. 21 Orde TAS/2865/2003, do 13 de outubro, pola que se regula o convenio especial no sistema da Seguridade Social)

- Dereito á redución ou readaptación da xornada, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo nos termos que a Administración estableza.
- Dereito á mobilidade por violencia de xénero.
- Dereito á excedencia. Durante os seis primeiros meses, a funcionaria ten dereito á reserva do posto de traballo que desempeñase, sendo computable o devandito período para os efectos de antigüidade, carreira e dereitos do réxime de Seguridade Social correspondente.
- As faltas de asistencia das funcionarias vítimas de violencia de xénero, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e

nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde segundo proceda.

- Subscrición ~~de~~ dun convenio especial coa Seguridade Social cando as funcionarias vítimas de violencia de xénero reduzan a súa xornada con diminución proporcional da retribución.

1.10. Dereitos económicos

1.10.1. Axuda económica específica para mulleres vítimas de violencia de xénero con especiais dificultades para obter un emprego

(Art. 27 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e Real Decreto 1452/2005, do 2 de decembro. A normativa relativa ao procedemento de tramitación é a que fose aprobada ao respecto na Comunidade ou Cidade Autónoma na que se solicite a axuda)

É unha axuda económica dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero que reúnan os seguintes requisitos:

- Carecer de rendas que, en cómputo mensual, superen o 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.
- Ter especiais dificultades para obter un emprego, dada a súa idade, falta de preparación xeral ou especializada, ou as súas circunstancias sociais, o cal se acredita mediante o informe emitido polo Servizo Público de Emprego correspondente.

Esta axuda económica abóase nun ~~único~~ pagamento **único**, e o seu importe, calculado en función dun número de mensualidades do subsidio por desemprego correspondente, depende de se a muller ten ou non familiares ao seu cargo, e de se a propia muller e/ou os familiares ao seu cargo teñen recoñecido un grao de discapacidade.

Esta axuda é compatible coas previstas na Lei 35/1995, do 11 de decembro, de Axudas e Asistencia ás Víctimas de Delitos violentos e contra a Liberdade Sexual. En cambio, é incompatible con outras axudas que cumpran a mesma finalidade, así como coa participación no programa de Renda Activa de Inserción.

Esta non ten en ningún caso a consideración de renda ou ingreso computable a efectos do cobramento das pensións non contributivas.

1.10.2. Renda activa de inserción

(Real Decreto 1369/2006, do 24 de novembro, polo que se regula o programa de Renda Activa de Inserción para desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego)

É unha axuda económica que se lles recoñece ás persoas desempregadas incluídas no chamado "programa de renda activa de inserción", a través do cal se levan a cabo actuacións encamiñadas a incrementar as oportunidades de inserción no mercado de traballo.

Para ser incluída no programa de renda activa de inserción e ser beneficiaria desta axuda económica, a muller vítima de violencia de xénero deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Acreditar a súa condición de vítima de violencia de xénero.
- Estar inscrita como demandante de emprego; non obstante, non se lle esixe levar 12 meses inscrita ininterrompidamente como demandante de emprego.
- Non convivir co seu agresor.
- Ser menor de 65 anos, aínda que non se lle esixe ter 45 ou máis anos de idade.
- Carecer de rendas propias, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ao 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

- Pode ser beneficiaria dun novo Programa de renda activa de inserción aínda que tivese sido beneficiaria doutro programa dentro dos 365 días anteriores á data da solicitude.

A contía da renda activa de inserción é do 80% do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) mensual vixente en cada momento.

Ademais, inclúe unha axuda suplementaria de pagamento único se a muller se viu obrigada a cambiar de residencia polas súas circunstancias de violencia de xénero nos 12 meses anteriores á solicitude de admisión ao programa ou durante a súa permanencia neste, de contía equivalente ao importe de tres meses da renda activa de inserción.

1.10.3. Anticipos por non pagamento de pensións alimenticias

(Real Decreto 1618/2007, do 7 de decembro, sobre Organización e Funcionamento do Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos)

A través do Fondo de Garantía do Pagamento de Alimentos garántese o pagamento de alimentos recoñecidos e non pagados, establecidos en convenio xudicialmente aprobado ou en resolución xudicial en procesos de separación, divorcio, declaración de nulidade do matrimonio, filiación ou alimentos, mediante o aboamento dunha cantidade que terá a condición de anticipo.

As persoas beneficiarias dos anticipos son, con carácter xeral, os fillos titulares dun dereito de alimentos xudicialmente recoñecido e non pagado, que formen parte dunha unidade familiar cuxos recursos e ingresos económicos, computados anualmente e por todos os seus conceptos, non superen a cantidade resultante de multiplicar a contía anual do Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) vixente no momento da solicitude do anticipo polo coeficiente que corresponda en función do número de fillos menores que integren a unidade familiar.

As persoas beneficiarias teñen dereito ao anticipo da cantidade mensual determinada xudicialmente en concepto de pagamento de alimentos, co límite

de 100 euros mensuais, que se poderá percibir durante un prazo máximo de dezaioito meses.

No suposto de que a persoa que ostente a garda e custodia dos menores (que é quen solicita e percibe o anticipo) sexa vítima violencia de xénero, enténdese que existe unha situación de urxente necesidade para recoñecer os anticipos do Fondo, polo que se tramitará o procedemento de urxencia, que implica que o prazo para resolver e notificar a solicitude será de dous meses.

1.10.4. Prioridade no acceso a vivendas protexidas e residencias públicas para maiores

(Art. 28 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Lei 1/2013, do 14 de maio, de medidas para reforzar a protección aos debedores hipotecarios, reestruturación de débeda e aluguer social; Real Decreto 233/2013, do 5 de abril, polo que se regula o Plan Estatal de fomento do aluguer de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas, 2013-2016)

As mulleres vítimas de violencia de xénero constitúen un colectivo con dereito a protección preferente no acceso á vivenda:

- Posibilidade de acollerse á suspensión dos lanzamentos sobre vivendas habituais, acordados nun proceso xudicial ou extraxudicial de execución hipotecaria.
- Posibilidade de acceder ao Fondo Social de Vivendas en Aluguer. http://www.imserso.es/imserso_01/fsva/index.htm
- Teñen a consideración de "sector preferente" para os efectos das axudas previstas no Plan Estatal orientadas a fomentar o acceso á vivenda en réxime de aluguer a sectores con dificultades económicas.

1.11. Dereito á escolarización inmediata

(Art. 5 e disposición adicional décimo sétima da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero)

Os fillos e as fillas das vítimas de violencia de xénero que se vexan afectados por un cambio de residencia derivada dos actos de violencia de xénero, teñen dereito á súa escolarización inmediata no seu novo lugar de residencia.

2. DEREITOS DAS MULLERES ESTRANXEIRAS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

2.1. Situación de residencia en España das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero

(Art. 17.1 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social; Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril; Real Decreto 240/2007, de 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo)

A situación de residencia en España das mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero inclúe as seguintes posibilidades:

2.1.1. Mulleres estranxeiras que teñan a condición de familiares de cidadán dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo.

(Art. 9.4 do Real Decreto 240/2007, de 16 de febreiro, sobre entrada, libre circulación e residencia en España de cidadáns dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo)

Para conservar o dereito de residencia no caso de nulidade matrimonial, divorcio ou cancelación da inscrición como parella rexistrada, a muller que non sexa nacional dun Estado membro da Unión Europea ou dun Estado parte no Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberá acreditar que foi vítima de

violencia de xénero durante o matrimonio ou situación de parella rexistrada, circunstancia que se considerará acreditada de xeito provisional cando exista unha orde de protección ao seu favor ou informe do Ministerio Fiscal no que se indique a existencia de indicios de violencia de xénero, e con carácter definitivo cando recaia resolución xudicial da que se deduza que se produciron as circunstancias alegadas.

2.1.2. Mulleres estranxeiras non comunitarias: poden ser titulares dalgún dos dous tipos de autorizacións de residencia e traballo específicos por razón de violencia de xénero seguintes:

- Autorización de residencia e traballo independente das mulleres estranxeiras reagrupadas co seu cónxuxe ou parella:

(Art. 19.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social; Art. 59.2 do Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril)

- Obtención da autorización unha vez ditada a favor da muller unha orde de protección ou, no seu defecto, cando exista un informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia de xénero.
- Duración da autorización: 5 anos.

- Autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais das mulleres estranxeiras en situación irregular:

(Art. 31 bis da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social; Arts. 131 a 134 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril)

- Solicitud da autorización dende o momento en que se ditase a favor da muller unha orde de protección ou **se** emitise informe do

Ministerio Fiscal no que se aprecie a existencia de indicios de violencia de xénero.

- Concesión da autorización cando o procedemento penal conclúa cunha sentenza condenatoria ou cunha resolución xudicial da que se deduza que a muller foi vítima de violencia de xénero, incluído o arquivo da causa por encontrarse o imputado en paradiro descoñecido ou o sobresemento provisional por expulsión do denunciado.
- Duración da autorización: 5 anos. Non obstante, no curso destes 5 anos a muller pode acceder á situación de residencia de longa duración, previa solicitude, a cuxo efecto se computará o tempo durante o que tivese sido titular dunha autorización provisional de residencia temporal e traballo.
- Autorización de residencia por circunstancias excepcionais a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades, ou autorización de residencia e traballo en caso de que fosen maiores de 16 anos e se atopen en España no momento da denuncia: solicitude por parte da muller estranxeira no momento en que ela solicite ao seu favor a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais, ou en calquera outro momento posterior ao longo do proceso penal. A súa concesión e a súa duración prodúcense nos mesmos termos que a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais das mulleres estranxeiras en situación irregular.
- A autoridade administrativa competente para outorgar esta autorización por circunstancias excepcionais concederá unha autorización provisional de residencia e traballo a favor da muller estranxeira e, no seu caso, autorizacións de residencia ou de

residencia e traballo provisionais a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover as súas necesidades, que se atopen en España no momento da denuncia. Estas autorizacións provisionais concluirán no momento en que se conceda ou denegue definitivamente a autorización por circunstancias excepcionais.

2.1.3. A autorización de residencia temporal e traballo por conta allea da que sexa titular unha muller estranxeira renovarase á súa expiración nos supostos de extinción do contrato de traballo ou suspensión da relación laboral como consecuencia de ser vítima de violencia de xénero.

(Art. 38.6 da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social)

2.2. Protección das mulleres estranxeiras en situación irregular vítimas de violencia de xénero

(Art. 31 bis da Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social; Arts. 131 a 134 do Regulamento da Lei Orgánica 4/2000, aprobado polo Real Decreto 557/2011, do 20 de abril)

- Se, ao denunciarse unha situación de violencia de xénero, se puxese de manifesto a situación irregular da muller estranxeira:
 - Non se incoará o procedemento administrativo sancionador por atoparse irregularmente en territorio español (infracción grave).
 - Suspenderase o procedemento administrativo sancionador que se tivese incoado pola comisión da devandita infracción con anterioridade á denuncia ou, no seu caso, a execución das ordes de expulsión ou de devolución eventualmente acordadas.
- Concluído o procedemento penal:

- Cunha sentenza condenatoria ou cunha resolución xudicial da que se deduza que a muller foi vítima de violencia de xénero, incluído o arquivo da causa por encontrarse o imputado en paradiro descoñecido ou o sobresemento provisional por expulsión do denunciado, concederáse á muller estranxeira a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais e, no seu caso, as autorizacións solicitadas a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades.
- Cunha sentenza non condenatoria ou cunha resolución da que non se poida deducir a situación de violencia de xénero, denegarase á muller estranxeira a autorización de residencia temporal e traballo por circunstancias excepcionais e, no seu caso, as autorizacións solicitadas a favor dos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades. Ademais, perderá eficacia a autorización provisional de residencia e traballo concedida á muller estranxeira e, no seu caso, as autorizacións provisionais concedidas aos seus fillos menores de idade ou que teñan unha discapacidade e non sexan obxectivamente capaces de prover as súas propias necesidades. E incoarase ou continuará o procedemento administrativo sancionador por estancia irregular en territorio español.

2.3. Dereito de asilo

(Lei 12/2009, do 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria)

A condición de refuxiada recoñeceráselles ás mulleres vítimas de violencia de xénero que, debido a fundados temores de ser perseguidas por motivos de

pertenza a determinado grupo social, de xénero ou de orientación sexual, se atopan fóra do país da súa nacionalidade e non poden ou, a causa dos devanditos temores, non se queren acoller á protección de tal país; ou á muller apátrida que, carecendo de nacionalidade e atopándose fóra do país onde antes tivese a súa residencia habitual, polos mesmos motivos non pode ou, a causa dos devanditos temores, non quere regresar a el:

- Para que se recoñeza o dereito de asilo é preciso que os fundados temores das mulleres que son obxecto de persecución se baseen en actos de persecución que sexan graves e revistan a forma de actos de violencia física ou psíquica, incluídos os actos de violencia sexual.
- Para valorar os motivos de persecución considerárase que, en función das circunstancias imperantes no país de orixe, se inclúe no concepto de grupo social determinado un grupo baseado nunha característica común de orientación sexual ou identidade sexual. Así mesmo, en función das circunstancias imperantes no país de orixe, inclúese as persoas que foxen dos seus países de orixe debido a fundados temores de sufrir persecución por motivos de xénero.

2.4. Programas de retorno voluntario de inmigrantes

Os programas de retorno voluntario do Ministerio de Emprego e Seguridade Social ofrecen a posibilidade de retornar a aquelas persoas estranxeiras (inmigrantes, solicitantes de asilo, refuxiados, persoas ~~con~~ **con** estatuto de protección subsidiaria) que manifesten o seu desexo de volver ao seu país de orixe e que cumpran os requisitos establecidos nalgún dos programas.

Os programas dos que poderían beneficiarse as mulleres estranxeiras vítimas de violencia de xénero serían os seguintes:

- Programa de retorno voluntario asistido con especial atención a persoas vulnerables: do que poden ser beneficiarias as solicitantes de asilo, as que teñan estatuto de protección subsidiaria e as que estean en situación irregular e acrediten, mediante un informe emitido polos

servizos sociais municipais ou pola entidade especializada que xestione o retorno, ser vítimas de violencia psicolóxica, física ou sexual.

- Programa de retorno voluntario de atención social: do que poden ser beneficiarias as estranxeiras vulnerables en situación de regularidade administrativa. É necesario que se encontren en situación de carencia e precariedade social, acreditada mediante un informe emitido polos servizos sociais municipais ou pola entidade especializada que xestione o retorno, e que sexan vítimas de violencia psicolóxica, física ou sexual.
- Programa de axudas complementarias ao aboamento acumulado e anticipado da prestación contributiva por desemprego a traballadores estranxeiros extracomunitarios que retornen voluntariamente aos seus países de procedencia (APRE): do que poden ser beneficiarias as **mulleres estranxeiras** que teñan recoñecido o dereito a percibir a prestación contributiva por desemprego de forma anticipada e acumulada, coa finalidade, precisamente, de facilitar o seu retorno, e sexan nacionais de países que teñan subscrito con España convenio bilateral en materia de Seguridade Social.

3. DEREITOS DAS VÍTIMAS DO DELITO DOS QUE TAMÉN SON TITULARES AS VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO

Ademais dos dereitos específicos que a Lei integral lles recoñece ás mulleres que sofren ou sufriron violencia de xénero, estas teñen os dereitos que as leis recoñecen ás vítimas do delito, entre os que cabe destacar os seguintes:

3.1. Dereito a formular denuncia

(Arts. 259 e ss. da Lei de Xuizamento Criminal)

As mulleres teñen dereito a denunciar as situacións de violencia de xénero sufridas.

A través da denuncia ponse en coñecemento das autoridades correspondentes a comisión dun feito que pode ser constitutivo dunha infracción penal, é dicir, dunha conduta que o Código Penal define como delito ou falta, establecendo un castigo ou pena para quen a realiza.

Tras a presentación da denuncia e a súa remisión á autoridade xudicial, se esta entende que existen indicios de terse cometido un feito ~~delite~~ delituoso, iniciará as correspondentes actuacións penais.

3.2. Dereito a solicitar unha orde de protección

(Art. 62 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero; Art. 544 ter da Lei de axuizamento criminal)

A orde de protección é unha resolución xudicial que dita o órgano xudicial competente nos casos nos que, existindo indicios fundados da comisión dun delito ou falta, aprecia a existencia dunha situación obxectiva de risco para a vítima que require a adopción de medidas de protección durante a tramitación do proceso penal.

A orde de protección considera nun único documento medidas preventivas de natureza penal e civil a favor da muller vítima de violencia de xénero e, no seu caso, dos seus fillos, e activa ao mesmo tempo os mecanismos de protección social establecidos a favor da vítima polas distintas Administracións Públicas. Coa orde de protección acredítase a condición de vítima de violencia de xénero que dá lugar ao recoñecemento dos dereitos que establece a Lei Orgánica 1/2004.

As medidas de protección que a autoridade xudicial pode acordar a favor da muller vítima de violencia de xénero e, no seu caso, dos seus fillos, poden ser de carácter penal e civil. Entre as primeiras pode acordarse unha ou algunha das seguintes:

1. Desaloxo do agresor do domicilio familiar.
2. Prohibición de residir en determinada poboación.

3. Prohibición de que o agresor se aproxime á vítima e/ou aos seus familiares ou outras persoas á distancia que se determine.
4. Prohibición de que o agresor se comunique coa vítima e/ou cos seus familiares ou outras persoas por calquera medio: carta, teléfono, etc.
5. Prohibición ao agresor de achegarse a determinados lugares: centro de traballo da vítima, centros escolares dos fillos, etc.
6. Omisión de datos relativos ao domicilio da vítima.
7. Protección xudicial da vítima nas oficinas xudiciais.
8. Incautación de armas e prohibición de tenza.

As medidas de natureza civil que poden adoptarse son as seguintes:

1. O uso e desfrute da vivenda, o mobiliario e o enxoval familiar.
2. A atribución da garda e custodia dos fillos menores.
3. A suspensión do exercicio da patria potestade.
4. A suspensión do réxime de comunicacións, visitas e estancias do pai cos fillos ou a forma en que este debe levarse a cabo, por exemplo, a través dun Punto de encontro.
5. A fixación dunha prestación de alimentos.
6. Calquera outra medida que sexa necesaria para apartar os menores dun perigo ou evitarlles prexuízos.

A solicitude pode efectuala a propia vítima, os seus familiares máis próximos, o seu avogado, ou o Ministerio Fiscal. Sen prexuízo do deber de denuncia, os servizos sociais que coñezan a súa situación, deberán poñelo en coñecemento do órgano xudicial ou do Ministerio Fiscal para que se poida incoar ou instar o procedemento para a adopción da orde de protección.

As medidas civís deben pedirse expresamente pola vítima ou o seu representante legal e polo Ministerio Fiscal, cando existan fillos menores ou incapaces.

É aconsellable solicitar a orde de protección no mesmo momento no que se presenta a denuncia, aínda que tamén pode solicitarse con posterioridade.

Cando non se presenta denuncia, a propia solicitude da orde de protección ten esta consideración, en canto aos feitos e situacións de violencia relatados nesta.

O xulgado debe ditar a orde de protección no prazo máximo de 72 horas dende a súa presentación, tras unha comparecencia da vítima e o agresor. A Lei establece que esta comparecencia deberá realizarse por separado, evitando así a confrontación entre ambos os dous.

3.3. Dereito a ser parte no procedemento penal: o ofrecemento de accións

(Art. 109 da Lei de Axuizamento Criminal)

Presentada a denuncia, e na súa primeira comparecencia no Xulgado, o Secretario Xudicial informará á vítima do seu dereito a mostrarse parte no proceso penal.

O exercicio deste dereito, que supón a intervención activa da muller vítima de violencia de xénero no procedemento xudicial que se tramita tras a súa denuncia e o exercicio da acción penal e, se for o caso, da acción civil, realízase a través da súa comparecencia nas actuacións penais como "acusación particular"; para iso debe nomear un avogado en defensa dos seus intereses e un procurador para a súa representación.

A designación destes profesionais pode realizarse por libre elección da vítima ou a través da Quenda de Oficio Especializado de Violencia de Xénero. Neste último caso, a asistencia e representación serán gratuítas se á muller se lle concede o beneficio de xustiza gratuíta.

A comparecencia e conseguinte condición de "parte" no proceso penal leva consigo que a vítima, a través do seu avogado, pode propoñer dilixencias de proba, intervir na práctica destas, e coñecer todas as resolucións que se diten durante a tramitación do proceso, podendo, se non está de acordo, presentar os recursos que procedan.

Así mesmo, como acusación particular, a vítima poderá solicitar a condena do agresor e unha indemnización polas lesións, danos e prexuízos sufridos.

O Ministerio Fiscal ten encomendada a defensa dos intereses das vítimas e prexudicados nos procesos penais. Se chega á convicción de que se cometeu un delito, dirixirá a acusación contra quen considere responsable, independentemente de que a vítima comparecese ou non no procedemento penal. Se non chega á devandita convicción, non formulará a acusación ou poderá solicitar o arquivo do procedemento, por exemplo se considera que non existen suficientes probas dos feitos.

3.4. Dereito á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado

(Art. 100 da Lei de Axuizamento Criminal)

A comisión dun delito ou falta obriga a reparar os danos e prexuízos causados. Esta responsabilidade civil comprende a restitución da cousa, a reparación do dano e a indemnización de prexuízos materiais e morais.

~~En~~ **No** caso de que a vítima exercese a acción civil (para esixir esta responsabilidade civil) no proceso penal, na sentenza que se dite, e sempre que esta sexa condenatoria, ademais da pena que no seu caso se impoña ao culpable, fixarase cal é a responsabilidade civil polos danos físicos, psicolóxicos ou morais causados á vítima polo delito.

Non obstante, a vítima pode reservarse o seu dereito a exercer a acción civil nun proceso distinto ante os xulgados da Orde Civil, de forma que no proceso penal non se exercitará a acción civil. Tamén pode renunciar a calquera reclamación que, neste sentido, lle puidese corresponder.

3.5. Dereito a recibir información sobre as actuacións xudiciais

A vítima, aínda que non exerza o seu dereito a intervir no proceso penal, debe ser informada do seu papel neste e do alcance, desenvolvemento e a marcha do procedemento.

A información á vítima dos seus dereitos corresponde tanto ás Forzas e Corpos de Seguridade, como ao Xulgado e ás Oficinas de Asistencia á Vítima.

O contido da devandita información comprenderá:

- O seu dereito a mostrarse parte no proceso penal e renunciar ou non á restitución da cousa, reparación do dano e indemnización do prexuízo causado polo feito delitivo.
- A posibilidade e procedemento para solicitar as axudas que conforme á lexislación vixente poden corresponderlle.
- Información sobre o estado das actuacións xudiciais, a examinar estas, así como a que se lle expidan copias e testemuños (Art. 234 da Lei Orgánica do Poder Xudicial).
- Debe serlle comunicada calquera resolución que poida afectar á súa seguridade, así a orde de protección, a adopción ou modificación doutras medidas preventivas, os autos que acordan a prisión ou liberdade provisional do imputado e a situación penitenciaria do agresor (Arts. 109, 506.3, 544 bis e ter da Lei de Xuizamento Criminal).
- Ten que ser informada do lugar e data de celebración do xuízo oral (Arts. 785.3, 962 e 966 da Lei de Xuizamento Criminal).
- Debe notificárselle a sentenza, tanto de instancia como, no seu caso, a que resolva o recurso de apelación. (Arts. 270 da Lei orgánica do Poder Xudicial; 789.4, 792.2, 973.2 e 976.3 da Lei de xuizamento criminal).
- Debe notificárselle o sobresemento do proceso.

3.6. Dereito á protección da dignidade e intimidade da vítima no marco dos procesos relacionados coa violencia de xénero

(Art. 63 da Lei Orgánica 1/2204, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero; Art. 232.2 Lei Orgánica do Poder Xudicial; Art. 15.5 Lei 35/1995, de Axudas e Asistencia a Vítimas de Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual; arts. 2.a) e 3.1 Lei Orgánica 19/1994, de Protección de Testemuñas e Peritos en Causas Criminais)

A Lei Integral prevé medidas específicas de protección da dignidade e intimidade da vítima.

Por un lado, establécese que os datos persoais desta, dos seus descendentes e das persoas que estean baixo a súa custodia, teñan carácter reservado.

A reserva do novo domicilio, centro de traballo ou colexios dos fillos non só preserva a intimidade da vítima, senón que, ademais, é un instrumento importante para a súa seguridade, ao evitar que estes datos poidan chegar a coñecemento do imputado.

Con esta mesma finalidade, o modelo de solicitude da orde de protección dispón que a vítima pode indicar un domicilio ou teléfono dunha terceira persoa á que as Forzas e Corpos de Seguridade ou os órganos xudiciais poderán facer chegar as comunicacións ou notificacións.

Así mesmo, o Xulgado pode acordar, de oficio ou a instancia da propia vítima ou do Ministerio Fiscal, que as actuacións xudiciais non sexan públicas e que as vistas se celebren a porta pechada.

3.7. Axudas ás vítimas de delitos

(Lei 35/1995, do 11 de decembro, de Axudas e Asistencia ás Vítimas de Delitos Violentos e contra a Liberdade Sexual; Regulamento de axudas ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, aprobado por Real Decreto 738/1997, do 23 de maio)

Trátase de axudas públicas en beneficio das vítimas directas e indirectas dos delitos dolosos e violentos cometidos en España, co resultado de morte, ou de

lesións corporais graves, ou de danos graves na saúde física ou mental; así como en beneficio das vítimas dos delitos contra a liberdade sexual aínda que se perpetren sen violencia. Ademais, prevese a concesión de axudas provisionais con anterioridade a que recaia resolución xudicial firme que poña fin ao proceso penal, sempre que quede acreditada a precaria situación económica ~~en~~ na que tivese quedado a vítima ou os seus beneficiarios.

As mulleres vítimas de violencia de xénero poden ser beneficiarias destas axudas posto que son vítimas dun delito.

As persoas beneficiarias destas axudas poden selo a título de vítimas directas, cando sufran lesións corporais graves ou danos graves na súa saúde física ou mental como consecuencia directa do delito; e a título de vítimas indirectas, no caso de morte, como os fillos da persoa falecida.

O prazo para solicitar estas axudas é dun ano, contado dende a data en que se produciu o feito delitivo. Non obstante, o devandito prazo interrómtese co inicio do proceso penal e ábrese de novo dende que recaia a resolución xudicial firme.

TELÉFONOS DE INFORMACIÓN

Ámbito estatal	016 Persoas con discapacidade auditiva: 900 116 016
Andalucía	900 200 999
Aragón	900 504 405
Canarias	112
Cantabria	942 214 141
Castela-A Mancha	900 100 114
Castela e León	012
Cataluña	900 900 120
Extremadura	112
Galicia	900 400 273
Illas Baleares	112/971 178 989
A Rioxa	900 711 010
Madrid	012
Navarra	012
País Vasco	900 840 111
Principado de Asturias	900 209 629
Rexión de Murcia	112
Comunidade Valenciana	900 580 888
Ceuta	900 700 099
Melilla	952 699 214

Máis información: nos Organismos de Igualdade das Comunidades Autónomas, nos centros de Atención á Muller autonómicos e locais, nas Oficinas de Atención ás Víctimas do Delito nas sedes dos Xulgados, nos Servizos de Orientación Xurídica dos Colexios de Avogados e nas diferentes organizacións de mulleres e de estranxeiros.

Páxina web da Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero:
<http://www.seigualdad.gob.es/violenciaGenero/portada/home.htm>